



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE MARZO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día trinta de marzo de marzo de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, foi presidida polo Alcalde en funcións D. Miguel A. Español Otero (decreto de delegación nº 214/2015) e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO I.- ACORDOS

Acordo polo que se solicita a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e se acorda a correspondente achega da corporación local

A Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 176.155,55 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 30.026,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
- Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 €
- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 124.869,07 €
- Xestión de programas: 21.260,48 €
- Investimento: 0,00 €

A Xunta de Goberno Local declara que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Concello da Guarda comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2015 na contía de 264.287,87 €, que supón unha porcentaxe do 60% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

Vistas as bases do Programa diurno de balnearios de carácter lúdico "COIDARTE" 2015 aprobadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:

Adherirse ó programa diurno de balnearios de carácter lúdico "COIDARTE" 2015 significando que o número de prazas que se subvencionarán será de 25 e que existe crédito suficiente no orzamento municipal para facer fronte ás obrigas do contrato.

Dase conta do informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 2 de marzo de 2015 sobre o grao de incumprimento da obriga de urbanización por parte da promotora BAINIS URBE, S.L. respecto das obras de Urbanización da rúa Tui e sobre a posibilidade de execución do aval depositado.

A Xunta de Goberno Local acorda requerir ó promotor para que execute a urbanización do vial no prazo de 30 días, advertíndolle que, no caso de non facelo, acometerá ditas obras ó propio Concello con cargo o aval que dito promotor ten depositado neste Concello.

Lese o escrito RE 1.616 de data 16 de marzo de 2015, presentado por D. ARTURO MORENO TRIGO, en representación de DNA. FLORINDA CORREA PEREZ, con enderezo na rúa Maceiras, nº 4 de A Guarda, solicitando a anulación, por erro na lectura do contador, do recibo do 4º trimestre de 2014 de consumo de auga do obxecto tributario Maceiras, 4.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo nº 150008936 de consumo de auga do 4º trimestre de 2014 do obxecto tributario Maceiras 4 e a emisión dun novo pola media ponderada.

Dase conta do escrito RE 1.832 de data 26 de marzo de 2015, presentado por D. MANUEL RODRIGUEZ SOLLEIRO, con enderezo na rúa Porto, nº de Salvaterra de Miño, solicitando a baixa no mercadillo da Guarda.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado con efectos de 1 de abril.

Lese o escrito RE 1.866 de data 27 de marzo de 2015, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, n^o 7 da Guarda, solicitando autorización para a celebración das festas de San Roque en Salcidos os días 14, 15 e 16 de agosto de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.863 de data 27 de marzo de 2015, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, n^o 7 da Guarda, solicitando a colocación do palco municipal no recinto da festa para odía 15 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.908 de data 10 de abril de 2014, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, n^o 7 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello para a celebración das festas de San Roque nos seguintes termos:

- Presenza da Policía Local para a procesión do día 17 de agosto.
- 30 vallas e contenedores para o lixo dende o día 14 de agosto.
- Peche da rúa que se sinala e limpeza do recinto das festas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.864 de data 27 de marzo de 2015, presentado por M^a del Carmen Barros Videira, actuando en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, n^o 7 da Guarda, solicitando autorización para o uso do Campo de Fútbol Municipal da Sangriña o día 15 de agosto con motivo do Torneo Festas de San Roque.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado se ben deberá comunicar con antelación suficiente o horario do torneo que tería que modificarse no caso de que algún equipo federado da localidade tivese que disputar partido oficial. Asimismo, comunícaselle que é responsabilidade do solicitante deixar tanto o recinto de xogo



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

como as gradas e vestiarios totalmente limpas e a disposición doutros equipos que queiran facer uso das mesmas.

Dase conta do escrito RE 1.807 de data 25 de marzo de 2015, presentado por D. ANTONIO BELLO BUGARIN – PRESIDENTE DO CLUB CICLISTA ALVARO PINO, con enderezo na rúa Real, nº 7-2ºA de Pontearreas, solicitando a colaboración do Concello da Guarda para a organización do tráfico o día 9 de maio de 2015 con motivo do paso da Clásica Cicloturista Alvaro Pino.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste escrito á Policía Local.

Sendo as dez horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.